



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día dezanove de abril de dous mil dezaseis tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19 DE ABRIL DE 2016.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as doce horas do día dezanove de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente D. Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día catorce de abril de dous mil dezaseis.

2.- LICENCIAS DE OBRA

Dáse conta do escrito número 389, de data 21 de marzo de 2016, suscrito por AVEGA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Proxecto de instalación de matadeiro avícola ecolóxico, sito na parcela número 8 da segunda fase do Polígono Industrial de Merlín deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 18 de abril de 2016, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

3.- BENEFICIARIOS DE ALTA, HORAS ADXUDICADAS E EMPREGADAS APTAS PARA CADA SERVIZOS DE SAF/ DEPENDENCIA.

Dase conta da documentación presentada pola traballadora social de servizos comunitarios e responsable do programa de DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR do Concello de Agolada, D. Carmen Ansedes López, sobre os beneficiarios de alta, horas adxudicadas e empregadas aptas para cada servizo:

SEMANA 16- do 18 ó 23 de abril de 2016.

715 h/semana S.A.F. BÁSICO

1.322 h/semana S.A.F. DEPENDENCIA

MINORACIÓN DE HORAS NO SAF BASICO a nome de:

- E.V.S. pasa de ter 20 h a 16 h/mes.

4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

NON HAI ESCRITOS.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde – Presidente accidental levántese a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde – Presidente, en Agolada a dezanove de abril de dous mil dezaseis.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,